

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e catro de setembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 20 de setembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don Antonio Carro Núñez, na representación que ostenta no presente expediente da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AVENIDA DE MONFORTE 25, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, solicita con data 19 de agosto de 2024 (RE-E núm. 474)

unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de REHABILITACIÓN DE BLOQUE DE VIVENDAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA, con emprazamento no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2024, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 20/09/24, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 22 de febreiro de 2025.

3.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME” – EXPEDIENTE NÚM. PAS-O 3/2024

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”, na reunión celebrada o día 17 de setembro de 2024, realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do licitador que obtivo a maior puntuación, unha vez admitidas e avaliadas todas as propostas presentadas, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliable automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	AMPLIACIÓN GARANTÍA	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	96.229,23 €	80,00	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	100,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	105.300,63 €	37,37	4 ANOS	10,00	2 SEMANAS	10,00	57,37

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	██████	100,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	██████	57,37

2º.- O licitador proposto Construcciones y Obras Taboada Ramos S.L.U. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido nas cláusulas 18ª e 19ª do prego (RS núm. 2024-S-RE-295, do 18/09/24)

3º.- Con data 20 de setembro do corrente (RE núm. 2024-E-RE-524), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.

- ✓ Garantía definitiva por importe de 3.976,42 €, mediante seguro de caución da entidade ASEFA, SMA S.A., estendido con data 18/09/24 (certificado de seguro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.

CIF: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: [REDACTED]

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 79.528,29 €

IVE: 16.700,94 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Noventa e seis mil douscentos vinte e nove euros con vinte e tres céntimos (96.229,23 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Terceiro.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Cuarto.- Designar á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa da obra, e a Dona María Elena Somoza Calviño como coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

4.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Don José García Vázquez (RE núm. 1548, do 23/09/24), e a proposta de resolución emitida con data 04/09/24 pola traballadora social do Concello Dona Tamara García Fuentes, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don JOSÉ GARCÍA VÁZQUEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro.

5.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE NEGRELOS

VISTO o escrito presentado por Don Bruno López García, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Negrelos, parroquia de Negrelos (RE núm. 1552, do 23/09/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Cibrao de Negrelos celebradas os pasados días 14 e 15 de setembro do corrente. A Xunta de Goberno Local, por

unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 65,70 € E 1.679,02 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/facturas núm. 9/24 e 13/24.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 75,00 €
Por canxe de vale de premiada en concurso cultural, s/factura núm. 6/24.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)